

Gasto dos non residentes en Galicia. Cuarto trimestre de 2008

NOTA DE PRENSA

No cuarto trimestre de 2008 os viaxeiros non residentes que se aloxaron en establecementos hoteleiros galegos gastaron de media 117,3 euros por persoa e día

Segundo os datos da operación estatística "Gasto dos non residentes en Galicia", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os viaxeiros non residentes en Galicia que no cuarto trimestre de 2008 se aloxaron nalgún establecemento hoteleiro de Galicia gastaron de media 117,3 euros por persoa e día na nosa comunidade, cun gasto total de 110,6 millóns de euros, o que supón arredor do 0,7% do Produto Interior Bruto trimestral a prezos correntes de Galicia. As maiores partidas de gasto destináronse a restaurantes (36,0% do total de gasto) e ao aloxamento (35,4%).

Gasto dos non residentes segundo o concepto de gasto. Galicia. Cuarto trimestre de 2008

Concepto	Gasto total (miles de euros)	Distribución porcentual do gasto (%)
Total	110.636	100%
Restaurantes	39.847	36,0%
Aloxamento	39.216	35,4%
Agasallos	11.291	10,2%
Desprazamentos	8.409	7,6%
Paquete turístico	5.458	4,9%
Ocio	2.904	2,6%
Outros	2.228	2,0%
Comida comercios	1.284	1,2%

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por provincia

Os viaxeiros non residentes aloxados en establecementos hoteleiros da provincia da Coruña gastaron 50,5 millóns de euros, o que supón o 45,6% do gasto total dos non residentes. A continuación atópanse os viaxeiros aloxados en Pontevedra que contribuíron co 39,2% do total do gasto.

No tocante ao gasto diario medio por viaxeiro, o máis alto deuse na provincia da Coruña (126,1 euros) e o máis baixo en Lugo (95,6 euros).

Gasto dos non residentes segundo a provincia do establecemento. Cuarto trimestre de 2008

Provincia do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
Galicia	110.636	100,0	117,3
A Coruña	50.491	45,6	126,1
Lugo	9.348	8,4	95,6
Ourense	7.379	6,7	124,3
Pontevedra	43.418	39,2	112,6

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por categoría

O 39,1% do gasto total dos non residentes en Galicia procede de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 4 estrelas. Os establecementos de 1 e 2 estrelas supoñen o 29,1%, os de 3 estrelas o 23,3% e o 8,5% restante corresponde a viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 5 estrelas.

En canto ao gasto diario medio por persoa o máis elevado correspondeu aos establecementos hoteleiros de 5 estrelas (198,9 euros), mentres que nos establecementos de menor categoría (1 e 2 estrelas) este gasto foi de 94,8 euros.

Gasto dos non residentes segundo a categoría do establecemento. Galicia. Cuarto trimestre de 2008

Categoría do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
Total	110.636	100,0	117,3
1 e 2 estrelas	32.162	29,1	94,8
3 estrelas	25.778	23,3	109,4
4 estrelas	43.243	39,1	134,8
5 estrelas	9.452	8,5	198,9

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_turismo_gasto_non_residentes_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>